



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Adm. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

No [DOG nº 62](#) do mércores 28 de marzo sae publicado o Decreto 50/2007, do 22 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

COMPARTINDO EXPERIENCIAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS

O día 21 de abril celebráranse na Facultade de Xornalismo, en Santiago de Compostela, as xornadas *Compartindo Experiencias para a Mellora da Convivencia nos Centros Educativos*, dirixidas a mestres e profesorado de ensino secundario. As persoas interesadas poderán inscribirse nelas a través da Plataforma de Formación do Profesorado <http://www.edu.xunta.es/fprof>, Servizos centrais - Temas transversais. A data límite de inscrición será o 14 de abril e ofértanse un total de 300 prazas. O programa atópase no portal educativo, en Profesorado, Formación.

[Acceso ao programa](#)

TES+BUS: PROGRAMAS DE TRANSPORTE ESCOLAR COMPARTIDO DE GALICIA

Con este programa as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e a de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes tratan de facilitarlle os seus desprazamentos á poboación de zonas con escasos servizos de transporte público. A iniciativa, de carácter experimental, funciona desde o 19 de marzo en 12 concellos galegos con 34 rutas.



REGULACIÓN DO SERVIZO DO COMEDOR ESCOLAR

No [DOG nº 45](#), do 5 de marzo, publicouse a Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



Contido:

| | |
|---|---|
| Oferta de emprego público | 1 |
| Compartindo experiencias para a mellora da convivencia nos centros educativos | 1 |
| Tes+bus: programas de transporte escolar compartido en Galicia | 1 |
| Regulación do servizo do comedor escolar | 1 |
| 2ª edición do programa Ummhh Peixe | 2 |
| Convocatoria de campamentos xuvenís | 2 |
| Axudas a confederacións, federacións e asociacións de alumnado | 2 |
| Programa Rutas Científicas para o curso 2007/2008 | 2 |
| Premios Miguel Hernández 2007 | 2 |

2ª EDICIÓN DO PROGRAMA “UMMHH PEIXE”

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



As consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, de Sanidade e de Pesca e Asuntos Marítimos, asinaron un acordo o 26 de marzo de 2007 para o desenvolvemento dun programa

de concienciación de consumo de peixe fresco entre os escolares. Inclúe actividades encamiñadas ao coñecemento das propiedades nutritivas do peixe e das vantaxes da incorpo-

ración deste na dieta habitual. O número de alumnos implicados neste programa é de 10.615 e o número de centros participantes é de 55.

CONVOCATORIA DE CAMPAMENTOS XUVENÍS

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



No [DOG nº 60](#) do 26 de marzo de 2007 sae publicada a Orde do 21 de marzo de 2007 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2007. O obxectivo desta campaña é facilitarlle

á mocidade a participación en actividades de tempo libre, que se levarán a cabo tanto en Galicia como nas comunidades autónomas de España, en diferentes quendas de entre unha semana e quince días de

duración durante os meses de xullo e agosto. O prazo de presentación de solicitudes iníciase ao día seguinte da publicación desta orde no DOG e remata o día 13 de abril de 2007.

AXUDAS A CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE ALUMNADO PARA O CURSO 2007

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



No [BOE nº 75](#) do mércores 28 de marzo de 2007 sae publicada a Orde ECI/757/2007, do 6 de marzo, pola que se convocan axudas destinadas a fomentar a realización de actividades por parte de

confederacións, federacións e asociacións de alumnado para o 2007. Os programas poderán estar baseados en: actuacións vinculadas co Plan para a Promoción e Mellora da Convivencia Escolar, infor-

mación ao estudantado sobre a reforma educativa e asesoramento ao alumnado sobre o asociacionismo e a participación nos centros escolares.

PROGRAMA RUTAS CIENTÍFICAS CURSO 2007/2008

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



No [BOE nº 75](#) do mércores 28 de marzo de 2007 sae publicada a Orde ECI/758/2007, do 13 de marzo, pola que se convocan axudas para a participación no Programa de Cooperación Territorial *Rutas Científicas* durante o curso

2007/2008. Destinado a alumnado de bacharelato e ciclos formativos de grao medio, pretende recuperar no alumnado o interese polas ciencias. Estas axudas están destinadas a 36 grupos de traballo de centros públicos de entre vinte

a vintecatro alumnos con idades inferiores a 20 anos e dous profesores acompañantes que cursen materias científicas no bacharelato ou nos ciclos formativos.

PREMIOS MIGUEL HERNÁNDEZ 2007

No [BOE nº 72](#) do sábado 24 de marzo de 2007 sae publicada a Orde ECI/706/2007, do 1 de marzo, pola que se convocan os Premios Miguel Hernández, edición do ano

2007, dirixidos a recoñecer e divulgar a alfabetización de persoas adultas e favorecer o acceso á educación dos grupos socialmente desfavorecidos. A dotación económica será: 36.500 €

o primeiro premio, 24.500 € o segundo e 15.200 € o terceiro. O prazo de presentación será de trinta días hábiles a partir do día seguinte á publicación no BOE.